



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito de comunicación

Educación a distancia semipresencial

Módulo 3

Unidade didáctica 11

Comunicación escrita

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	3
1.4	Orientacións para a programación temporal	4
2.	Secuencia de contidos e actividades	6
2.1	Tipos de textos	6
2.1.1	Textos literarios <i>versus</i> no literarios.....	19
2.1.2	Textos expositivos.....	36
2.1.3	Textos discontinuos.....	48
2.2	Traballos académicos	58
2.3	Técnicas de estudo	63
2.4	Técnicas de redacción de textos. La adecuación, la coherencia, la cohesión	68
3.	Resumo de contidos	78
4.	Solucionario.....	80
4.1	Solucións das actividades propostas	80
5.	Bibliografía e recursos	84
6.	Anexo. Licenza de recursos	85

1. **Introdución**

1.1 **Descrición da unidade didáctica**

Esta unidade denomínase *Comunicación escrita*. Desenvolveremos a comprensión e a elaboración de textos escritos. A comprensión fai referencia ao nivel de entendemento que acadamos dun texto escrito determinado. É fundamental descifrar o escrito correctamente e extraer o significado xeral e os específicos, para desenvolver calquera actividade.

A unidade consta dunha serie de contidos teóricos que deberá ler e asimilar como paso previo á realización das actividades que se indican baixo a epígrafe actividades propostas. Antes figurará sempre unha actividade resolta.

Contén textos e exercicios en galego e castelán. Os contidos presentados nesta unidade son comúns ás linguas galega e castelá; ambas as linguas, xunto coa estranxeira, intégranse no ámbito da comunicación.

1.2 **Coñecementos previos**

A comprensión lectora e a expresión escrita parten sempre da relación dos coñecementos que adquirimos, ben na vida, ben na escola, e no propio texto. Cando nos poñemos ante un texto, non o facemos cunha mente en branco. Se coñecemos o autor/a, estaremos mediatizados nas nosas lecturas e na nosa comprensión do texto, pola nosa valoración sobre a persoa e o seu traballo, pola lingua na que está escrita, polos nosos xuízos e prexuízos sobre o tema que trata e un longo etcétera. Isto leva consigo que antes de enfrontarnos a un texto debemos buscar na nosa historia, na nosa memoria, nas nosas vivencias que podemos dicir e por que nos di iso.

1.3 **Suxestións para a motivación e o estudo**

Se hai algo do que non podemos prescindir é da comprensión e elaboración de textos. A maioría dos fracasos na aprendizaxe de calquera materia comeza na propia comprensión do que nos preguntan. Manexar o idioma fainos máis libres porque podemos expresar o que sentimos, pensamos e queremos. Se pensamos como falamos e falamos como pensamos o manexo e coñecemento da lingua convértese nunha ferramenta insubstituíble. Coñecer os fíos da lingua lévanos a un pensamento máis consciente e, se o podemos expresar correctamente en cada contexto, é probable que a nosa vida mellore considerablemente.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Este apartado ofrece unha recomendación para a organización do tempo de estudo que cómpre dedicarlle a cada unidade didáctica do módulo. O número da unidade resaltado en **letra grosa** será o que se corresponde coa unidade didáctica que está vostede a ler.

Unidade 9. Comunicación oral

O tempo que se lle debería dedicar á preparación desta unidade sería de tres semanas.

Unha primeira centraríase na realización das actividades dos bloques 2.1 e 2.2 e na posta en práctica dalgunha exposición oral e dalgún debate. Unha segunda semana estaría dedicada ao estudo dos contidos teóricos do bloque 2.3 e ao cumprimento dos exercicios propostos. A terceira semana completaríaase coa elaboración dos exercicios do bloque 2.4 xa que está composto duns apartados con contidos fundamentalmente prácticos e de reflexión persoal.

Unidade 10. Gramática da lingua

Nesta unidade imos abordar contidos dos que xa nos ocupamos nos módulos anteriores coa finalidade de revisalos pero tamén de afondar neles. Ocuparémonos de puntuación, acentuación, morfoloxía e semántica. Dedicaremos a esta unidade catro semanas.

A primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 2.1; na segunda e terceira ocuparémonos do apartado 2.2; na cuarta, do apartado 2.3. Recomendamos que dedique un mínimo de seis horas semanais ao traballo con esta unidade.

Unidade 11. Comunicación escrita

Nesta unidade imos abordar contidos dos que xa nos ocupamos nos módulos anteriores coa finalidade de repasar e afondar nuns casos, e noutros de introducir nestes temas o alumnado que se incorpora neste momento ao ensino de adultos. Dedicaremos a esta unidade catro semanas.

A primeira e a segunda semana estarían destinadas a desenvolver o apartado 2.1; na terceira ocuparémonos do apartado 2.2 e 2.3; na cuarta, do apartado 2.4. Recomendamos que dedique un mínimo de tres horas semanais de traballo e investigación a cada apartado desta unidade.

Unidade 12. Educación literaria

Debido á extensión dos contidos desenvolvidos na unidade, será preciso dedicarlle á súa explicación e organización un total de catro semanas. Asemade, na casa deberá dedicarlle varias sesións máis ao estudo dos diferentes períodos e autores.

As dúas primeiras semanas dedicaranse á organización dos textos e autores da literatura galega dende as súas orixes ata finais do século XIX e as dúas semanas restantes farase outro tanto coa literatura en lingua castelá.

2. Secuencia de contidos e actividades

2.1 Tipos de textos

Clasificación dos textos segundo a súa intención comunicativa

Textos informativos

Están concibidos para lle facilitar novos coñecementos ao receptor/a. Un informe ou unha noticia, por exemplo, son textos informativos. A función comunicativa dominante neste tipo de textos é a función informativa ou representativa.

Vida cotiá e mentalidades na historia da alimentación galega: banquetes fúnebres, ánimas e velorios

Os banquetes fúnebres aparecen documentados xa na Idade Media. Segundo recollen testamentos consultados por M. C. Pallares, atopámonos con que os finados de certo nivel económico ordenaban "pitanças" no día do seu enterro e no cabodano. Era esta unha data clave nas conmemoracións funerarias dado o costume da inhumación durante un ano do cadáver para ser posteriormente trasladado á sepultura definitiva. Considerábase que era o momento en que o morto entraba definitivamente no mundo dos seus antepasados. E tamén, co gallo das "obsequias" (cantos en gabanza do defunto) e honras fúnebres, engadíndoselle en ocasións outro convite anual para todo un mosteiro nunha determinada festividade, como fixo dona Teresa ofrecendo ao mosteiro compostelán de San Francisco, cada día de Santiago, "pitança de pan et de vino et de carne ou de pescado por qual día for douszentos maravedís para ela de cada ano". Mal tería de ir a proverbial austeridade franciscana de prodigárense mandas testamentarias coma esta. Pero, como é obvio, só un pequeno grupo social (a nobreza e os máis prósperos do Terceiro Estado) podía permitirse tamaño luxo. As xentes do común limitaríanse a faceren un banquete no día do enterro e todo o máis outro no cabodano, e dende logo só para os familiares (e probablemente tamén veciños) e mais os eclesiásticos que celebraran os oficios. Tamén polos papeis dun crego do século pasado sabemos que no Val de Xestoso, barrio pertencente a unha parroquia situada ao abeiro de dúas serras na zona de Monfero —e non debería ser este o único caso— o conxunto dos veciños celebraban unha comida anual no día das ánimas.

Semella que tanto homes como mulleres pertencentes aos distintos estamentos sociais gastaban cantidades excesivas de diñeiro nestas comensalías fúnebres, ata o punto que en ocasións quedaba a súa facenda gravemente menoscabada. E isto considerábase tan importante que adoitaban ordenalo os propios finados no seu testamento, correndo o risco (do que podían ser ou non conscientes) de que co relativamente pouco que restase os seus deudos ían ter dificultades para financiar os sufraxios pola súa ánima. E cando non sucedía así, adoitaban ser os propios familiares os que corrían coa iniciativa; e facían moitas veces con desmesura ata o extremo de quedaren arruinados. Unha das razóns que poden explicar este comportamento aparentemente irracional é o desexo de amosar en tan sinalada data, cando todas as olladas están a fitar para a familia en cuestión, o poderío económico da casa. Evitarían, deste xeito, os comentarios maledicentes a que poidera dar pé un convite xulgado excesivamente parco. Outras explicacións, ademais desta do prestixio social, non sería raro que gardasen relación coas achegadas polos actuais estudos antropolóxicos, como teremos ocasión de ver despois.

Os Reis Católicos decidíronse a incluír os banquetes fúnebres, ao carón dos que tiñan lugar na celebración das vodas e bautizos, na prohibición feita en 1483 de excederse tanto no número de invitados como no menú dos convites. Tamén as autoridades eclesiásticas trataron de dar cabo, ou cando menos diminuir, tales excesos. Así, no sínodo de Mondoñedo de

1541, consciente a asemblea "que muchas personas cuando mueren, ora que ellos lo mandan, ora que sus herederos lo hazen gastar en el día de sus enterramientos mucha parte de su hazienda y aun, a las vezes, toda, de manera que ni queda a los hijos que comer ni para las deudas que pagar ni aun para el ánima del difunto algún bien hazer", limitaba a doce persoas o número de invitados entre testamentarios e parentes, amén, claro (disto non se ían esquecer), dos sacerdotes e os seus ministros que fosen celebrar e enterrar o defunto, que adoitaban ser bastantes: no século XVIII nos enterros dos labregos adoitaban oficiar, a petición sua, entre seis e oito cregos, e nos grupos modestos das cidades sobre vinte, cifra loxicamente superada amplamente polos seus conveciños benestantes. Tamén Vicente Risco recolle o costume que tiñan as familias de chamar o maior número de cregos que puidesen, ós que lles daban de comer despois que cantasen no funeral. Pero a constitución sinodal mindoniense deixaba unha porta entreaberta coa precisión que facía de que podería sumarse alguén máis ao convite con tal de que fose pobre: "Y so color de pobres, no queremos que vaian otros ningunos, sino fuere algún pobre que anda de puerta en puerta". Polo demais, non teño noticias de que tamén o menú fose sometido a restricións. De todos os xeitos, a permanencia do costume de facer concorridos e pantagruélicos banquetes co gallo dos enterros, en tempos aínda ben recentes, evidencia o fracaso de tan pías tentativas de morixeración. (...)

http://bvg.udc.es/indice_paxinas.jsp?id_obra=Vicoemen1&id_edicion=Vicoemen1001&cabecera=%3Ca+href%3D%22ficha_obra.jsp%3Fid%3DVicoemen1%26alias%3DXavier%2BCastro%22+class%3D%22nombreObraPaxina%22%3E%20Vida+coti%20E1n+e+mentalidades+na+historia+da+alimentaci%3F3n+galega%3A+banquetes+f%3Fanebres%2C+%20E1nimas+e+velorios%3C%2Fa%3E&alias=Xavier+Castro&formato=texto

Textos persuasivos

A súa finalidade é convencer o/a receptor/a. Un anuncio publicitario ou un mitin político, por exemplo, son textos persuasivos. Neles predomina a *función conativa ou apelativa*.

DISCURSO

Hoxe deixamos de publical-o conto do noso compañeiro *Asieumedre*, e no seu canto reproducimos o discurso que o noso amigo don Manuel Lugrís pronunciou o día 6 d' este mes no mítin solidario de Betanzos.

—

«Mariñans e montañeses, homes traballadores e honrados, saúde.

O que agora tén o atrevimento de falarvos é tamen un mariñan que tivo á grande sorte de nacer n-esta bendita e ridente terra nosa; e, como tal mariñan, quérovos falar na lingua gallega, primeiramente, porque d' este xeito entenderédesme mellor, e despois porque un boletín da Cruña, que pra escarnio e ve"gonza do bon sentido leva o nome santo da nosa terra, dixo que se hoxe se vos paraloba en gallego, na fala que adeprendimos das nosas nais, na fala querendosa en que vosoutros namorástedes ás compañeiras da vosa vida e dos vosos infortunios, nais cariñosas dos vosos fillos, enterraríase no ridículo

Primeira vez que se usa a lingua galega nun mitin, Betanzos, 6 de outubro de 1907

<http://academia.gal/documents/10157/735152/Discurso+Lugr%C3%ADs.pdf>

Textos prescritivos

Teñen por obxecto indicar de que xeito debe actuar o/a receptor/a. Unha receita de cociña ou as instrucións de uso de calquera aparello, por exemplo, son textos prescritivos. Emprégase, xa que logo, a función comunicativa directa ou función fática ou apelativa (vid. módulo 1 da unidade 1).

Dez regras para unha vida sa

1. Elixir produtos variados.
2. Comer froita e verdura todos os días.
3. Consumir cereais de forma habitual.
4. Deseñar una dieta baixa en graxa.
5. Non abusar dos alimentos de orixe animal.
6. Controlar o consumo de azucre e sal.
7. Manterse hidratado/a.
8. Facer exercicio diariamente.
9. Descansar 8 horas.
10. Gozar da vida.

Textos literarios

O seu propósito é crear unha impresión estética no/a receptor/a. Un poema ou un trabalinguas, por exemplo, son textos literarios. Utilizan a función poética da linguaxe.

O retrato

Por amainar a conciencia guindei co meu título de médico no fondo dunha gabeta e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licenza oficial; mais unha noite foron requiridos os meus servizos.

Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ao pé da porta. Deume as boas noites e rompeu a chorar, e por entre os saloucos saíanlle as verbas tan estruchadas que soamente logrou dicirme que tiña un fillo a morrer.

O pobre pai turraba por min e eu deixábame levar, enfeitizado pola súa dor. Despois de todo eu era médico titulado e non podía negarme! E tiven tan fortes anceios de compracelo que sentín xurdir nos meus adentros unha grande ciencia...

Cando chegamos á casa de Melchor logrei arriarme das súas mans, e con finxido acoitamento confeseille que sabía pouco da carreira...

- Repara que hai moitos anos que non visito enfermos.

E entón Melchor, facendo un esforzo, díxome quedamente:

-O meu fillo xa non precisa de médicos. Eu xa sei que o coitado non pasa da noite. E váiseme, señor; váiseme e non teño

ningún retrato seu!

Ai, eu non fora chamado como médico; eu fora chamado como retratista, e no intre sentín ganas acedas de botarme a rir.

E por verme ceibe de xeira tan macabra díxenlle que unha fotografía era mellor ca un deseño, asegúreille que de noite poden facerse fotografías, e botando man de moitos razonamentos logrei que Melchor largase de min á cata dun fotógrafo. A cousa quedaba arrombada, e funme durmir, con mil ideas ensarilladas na chola.

Cando estaba prendendo no sono petaron na miña porta. Era Melchor.

-Os fotógrafos din que non teñen magnesio!

E díxomo tremendo de anguria. A face albeira, e os ollos coma dous tetos de carne vermella de tanto chorar.

Endexamais fitei a un home tan desfeito pola dor.

Pregaba, pregaba, e collíame as mans, e turraba por min, e o malpocado dicía cousas que me rachaban as entrañas:

-Considérese, señor. Dous riscos de vostede nun papel e xa poderei ollar sempre a cariña do meu neno. Non me deixe na escuridade, señor!

Quen tería corazón para negarse! Collín papel e lápiz, e alá me fun con Melchor, disposto a facer un retrato do rapaz moribundo.

Todo estaba quedo e todo estaba calado. Unha luz cansa alumeaba, en amarelo, dúas facianas arrepiantes que ventaban a morte. O neno era o centro daquela pobreza da materia.

Sen dicir nada senteime a debuxar o que ollaban os meus ollos de terra, e soamente ao cabo dalgún tempo conseguín afacerme ao drama que fitaba e aínda esquecelo un pouco, para poder traballar afervoadado, coma un artista. E cando o deseño estaba xa no seu punto a voz de Melchor, agrandada por tanto silencio, feríame con estas verbas:

-Pola alma dos seus defuntos, non mo retrate así. Non lle poña esa cara tan encoveirada e tan triste!

Confeso que ao volver á realidade non souben que facer, e púxenme a repasar as liñas xa feitas do retrato. O silencio foi esgazado novamente por Melchor:

-Vostede ben sabe como era o meu rapaciño. Faga memoria, señor, e debúxemo ríndo.

De súpeto naceume unha grande idea. Rachei o traballo, ensumín o meu ollar nun novo papel branco e debuxei un neno imaxinario. Inventei un neno moi bonito, moi bonito: un anxo de retábulo barroco, a sorrir.

Entreguei o debuxo e saín fuxindo, e no intre de poñer o pé na rúa sentín que choraban dentro da casa. A morte viñera.

Agora Melchor consólase ollando a miña obra, que está pendurada enriba da cómoda, e sempre di coa mellor fe do mundo:

-Tiven moitos fillos, pero o máis bonito de todos foi o que me morreu. Velaí está o retrato que non mente.

CASTELAO, "O retrato" en *Retrincos*, 1934, (adaptación normativa).

Segundo a forma ou modo de discurso

Tipos de textos						
TIPOS ASPECTOS	DESCRIPTIVOS	NARRATIVOS	DIALOGADOS o CONVERSACIONALES	PRESCRIPTIVOS o INSTRUCTIVOS	EXPOSITIVOS o EXPLICATIVOS	ARGUMENTATIVOS
1. INTENCIÓN COMUNICATIVA	Presentan características de seres, objetos, lugares o fenómenos para dar idea de ellos al receptor	Relatan acciones, sucesos (reales o imaginarios) protagonizados por personajes	Representan por escrito conversaciones de personajes	Dan instrucciones y recomendaciones para guiar el comportamiento del receptor	Transmiten información objetiva para hacer que se comprenda un tema	Expresan y defienden opiniones e ideas y, a veces, también aportan razones para convencer
2. RESPONDEN A:	¿Cómo es?	¿Qué pasa?	¿Qué dicen?	¿Cómo se hace?	¿Por qué es así?	¿Qué pienso? ¿Qué te parece?
3. SE MANIFIESTAN EN ESTOS TIPOS DE TEXTOS:	Novelas y cuentos Postales y cartas Catálogos Guías turísticas Libros de viaje Suplementos semanales Reportajes	Noticias periodísticas Novelas, cuentos Cómics Textos de historia Biografías, Memorias, Diarios	Diálogos de cuentos y novelas Piezas teatrales Entrevistas Debates y mesas redondas	Instrucciones de uso Recetas de cocina Publicidad Normas de seguridad y legales Campañas preventivas	Libros de texto Libros y artículos divulgativos Enciclopedias Diccionarios	Artículos de opinión. Crítica de prensa Discursos Publicidad Ensayos
4. ELEMENTOS LINGÜÍSTICOS	Adjetivos Complementos nominales Predicados nominales Adverbios y preposiciones de lugar Figuras literarias	Verbos de acción Variedad de tiempos (pasado) Conectores cronológicos Sustantivos Adjetivos Adverb. lugar Figuras liter.	Frases breves Yuxtaposición y coordinación Diversidad de entonación Interjecciones, interrogaciones, elipsis Onomatopeyas Deixis, rutinas	Oraciones imperativas Perífrasis de obligación Segunda persona Conectores de orden Signos de puntuación (números)	Conectores explicativos Conectores de causa y consecuencia Conectores ordenadores	Parecidos a los explicativos Silogismos, razonamiento
5. ESTRUCTURA	Presentación genérica Detallismo con orden	Presentación Nudo Desenlace	Saludo Preparación Desarrollo Despedida	Meta Programa	Introducción Desarrollo Conclusión (Resumen)	Exposición de la tesis Demostración Conclusión
6. REGISTROS	Estándar Culto	Estándar Culto	Estándar Coloquial	Estándar	Estándar	Estándar
7. TIPOS	Objetivos Subjetivos	Cortos Largos	En estilo directo En estilo indir.	Normativos Instructivos	Divulgativos Especializados	Administrativos Periodísticos Humanísticos
8. FUNCIONES DEL LENGUAJE	Referencial, poética	Referencial, poética	Referencial Apelativa Fática	Apelativa Referencial	Referencial	Apelativa

<https://narracion.wordpress.com/2007/10/29/tipos-de-texto/>

Tradicionalmente, distínguense cinco formas de discurso, isto é, de formas en que o/a emisor/a presenta a mensaxe nun texto:

Narración

É un tipo de texto no que un/a narrador/a conta unha historia que lles sucedeu a uns personaxes nun tempo e nun espazo determinados. Os textos narrativos poden ser literarios ou non literarios.

(...) Ernesto, ao final, fíxose fotógrafo. A súa nai tratou de convencelo de que estudase algo de verdade, pero aos quince anos as súas horas oscilaban entre as cámaras, os líquidos e o cuarto escuro que tivo que habilitar nun piso novo ao que se mudaron cando a súa nai comezou a irlle mellor no traballo.

Así que Ernesto empezou a saír da casa convertendo a cámara nun ollo máis, observando o mundo a través do papel fotográfico. Tamén procurou ir moitas noites coa nai, facendo fotos daqueles que a acompañaban, subindo e baixando dos escenarios e escrutando caras, ollos e actitudes en branco e negro. Ás veces vendíalle as fotos do mundo do espectáculo a Clarín.

As fotos de Ernesto eran coma él. Él vía así o mundo. Vía mulleres loiras que morden cigarros e na foto saían, xustamente, os labios marcados de carmín no extremo; vía as pegadas dos zapatos na chuvia, ou a multitude dos que fan cola ante un despacho de billetes. Ernesto fotografaba grupos que se divirten bañándose en fontes, coma na *Dolce Vita*, ou a luz dun farol que ilumina unha parella que discute á latina; fotografaba as maletas dos emigrantes, as laranxas podres dos froiteiros e, sobre todo, fotografaba moitas veces o ceo. Dáballe igual se estaba despexado ou nubrado, se era día ou noite, valíanlle as nubes, as estrelas e os soles radiantés. Ernesto gustaba de captar o vento co zoom.

Inma López Silva, *Tinta*, 2012.

O próximo outono será máis cálido do normal en toda España Prevese menos chuvioso no noroeste da Península

MADRID/SANTIAGO. EP | 03.09.2017

O próximo outono, que comezará o 22 de setembro podería ser máis cálido do normal en toda España e máis seco do habitual en Galicia, Asturias e o noroeste de Castela e León, segundo a predición estacional do portal meteorolóxico *eltiempo.es*.

Así, *eltiempo.es* prognosticou que o patrón de presión dominante será o do anticiclón que está situado ao oeste-noroeste da Península, de modo que estima que será máis cálido do normal no centro e sur da Península, así como en Levante e en Baleares, onde as anomalías de temperatura media da estación poderían estar entre 0,5 e 1 grao centígrado por encima do normal, cunha probabilidade do 70 por cento.

Mentres, no resto da Península a temperatura media da estación as anomalías poden estar entre 0 e 0,5 graos centígrados por encima dos valores medios. A temperatura normal no outono no conxunto de España no período de referencia 1981-2010 é de 15,4 graos centígrados.

Respecto das precipitacións, os meteorólogos de *eltiempo.es* esperan un outono "lixeramente" máis seco no noroeste cunhas precipitacións ata 50 litros por metro cadrado por baixo da media, polo que advirten de que a seca podería "continuar e agravarse" en España. A media de precipitacións en España no outono é de 195 litros por metro cadrado.

En xeral, a previsión estacional do outono apunta á posibilidade dun déficit nas precipitacións na zona do noroeste peninsular. En canto a Galicia, *eltiempo.es* lembra que se encadean xa sete meses en prealerta por seca cos encoros baixo mínimos.

Precisamente, as concas de Galicia están ao 59 por cento, no caso do Miño-Sil e ao 63,2 por cento, a de Galicia Costa, mentres que a reserva hidráulica do conxunto de España, está ao 45 por cento. "Todo parece indicar que no noroeste a situación podería empeorar nos próximos meses", advirten.

Por meses, o trimestre do outono climatolóxico que comeza hoxe (setembro, outubro e novembro), ten novembro como o mes máis chuvioso e setembro como o máis cálido.

Por temperaturas, as máis cálidas do outono adoitan rexistrarse en Canarias, litoral Mediterráneo e suroeste de Andalucía mentres que os lugares onde máis adoita chover no outono son as zonas do norte de España, sur de Valencia e norte de Alacante, norte de Baleares, algunhas zonas de Cádiz e do Sistema Central.

En setembro as zonas máis chuviosas son o sueste e o norte de Cataluña, en outubro, en Castela e León, Castela-A Mancha, Aragón, Comunidade Valenciana (excepto Alacante), Cataluña, Murcia e sur da Comunidade de Madrid. Pola súa banda, novembro adoita ser o mes máis chuvioso dos tres do outono en Andalucía, Extremadura, norte da Comunidade de Madrid, Cantábrico, Galicia e Canarias.

Eltiempo.es lembra que ata a data o outono máis cálido en España foi o de 2014, cando a estación tivo unha temperatura media de 2,3 graos centígrados por encima do normal e desbancou a 2006 que ata a data contou co outono máis cálido da historia en España.

En canto ao pasado outono, sinala que tivo un carácter "moi cálido" que o converteu no sétimo máis cálido desde 1965 e o quinto máis cálido deste século. Ademais, lembra que entre o 3 e o 7 de setembro produciuse unha onda de calor con temperaturas que superaron os valores máximos absolutos dese mes en máis de 35 observatorios principais da Axencia Estatal de Meteoroloxía.

Por exemplo, apunta que en Córdoba se alcanzaron eses días 45,4 graos centígrados, 44,8 graos centígrados en Sevilla aeroporto ou 44,6°C en Murcia. Ademais, resultou ser un outono seco, con 8 por cento menos do normal.

<http://www.galiciahoje.com/vivir-hoje-galicia/gh/proximo-outono-sera-mais-calido-do-normal-toda-espana/idEdicion-2017-09-03/idNoticia-1071632/>

Descrición

Un texto descritivo é aquel no que se presentan os trazos característicos de seres, obxectos, lugares... tanto reais coma irreais para que o/a receptor/a reconstrúa o descrito.

Conque, vai e collimos pola carreteira abaixo, co Millhomes uns pasos atrás de nós. Ó chegar perto do Posío entramos na taberna da tía Esquilacha, onde pararan tamén os tratantes. Había un bo lume na cociña, e estaban nela os arrieiros almorzando chourizos asados con pantrigo e viño novo. A min, como xa dixen, andábame a rondar o «pensamento», que decote me vén dapouco, cando escomenzo a facer cousas que sei que non tería que facer. (..)

Aló dentro o aer estaba tépedo, agarimoso e cheio dese arrecendo das tabernas no inverno, que tanto gorenta o corazón e que fai esvaír todas as cousas amoladas que un leva na cacheira cando aló entra. Arrecendía, ademais, os chourizos asados e ó viño novo, que xa se vía que tiña boa chispa co só ollarlle as burbullas a desgaxar-se en canto caía nas cuncas...

Afora debuzárase a chuvia achoadada e mesta, e o día puñérase fusquento coma si voltara pra atrás. Cando se abría a porta, entraban os refachos do vento até a cociña espaxando o fumazo e facendo arrandar as restes dos chourizos dependurados encol da lareira ...

Eduardo Blanco Amor, *A esmorga*, 1959.

Diálogo

Os textos dialogados son aqueles que presentan un intercambio de información entre dous ou máis interlocutores que se alternan no seu uso da palabra.

-E o doutor Clará?

-Max? -Mariña volveu sorrir- Max é un vello dandi que sempre estivo toliño pola miña nai. Por iso mesmo mercou unha casa ao lado da nosa cando o meu pai morreu, por ver se daquela pillaba algo!

Os dous sorrimos.

-Pero a miña nai nunca quixo saber nada doutros amores, polo menos que eu saiba. Máis alá de romances non correspondidos, el non sabe nada da miña familia.

O silencio volveu facerse forte na nosa mesa. Pensaba en todo o que Mariña me contaba, e había algo nas súas palabras que me atrapaba cada vez máis. Efectivamente, ela tamén parecía outro náufrago perdido na marea, e eu tampouco tiña moito onde agarrarme naquel océano sobre o que os dous flotabamos. Esa atracción, xunto co meu propio atrevemento, lanzáronme de cabeza á proposta, e, coma sempre, case sen me decatarse nin eu mesmo. Para cando quixen ser consciente, xa era a miña voz a que rompía o silencio.

-Ben, pois proba comigo.

Ás veces, a miña ousadía deixábase abraiado a min mesmo. Ou quizais fose a rniña insensatez. Pero agora xa era tarde para se botar atrás: o rostro de Mariña mostraba certa curiosidade divertida, e ás claras pedía máis información.

-Mira, como xa che dixen, eu tampouco teño moi claro que raio pinto en toda esta historia, e polo visto parece que ningún dos dous ten moito máis onde rañar. Que tal se ti me contas a túa historia, e entre os dous vemos de lle buscar un pouco de luz a todo isto?

Pedro Feijoo, *Os fillos do mar*, 2012.

Exposición

A exposición consiste en explicar de xeito obxectivo uns feitos ou un tema. A súa función primordial é a de transmitir información.

PRODUTOS DE COSMÉTICA E BELEZA

As algas achegan a este tipo de produtos propiedades suavizantes, reequilibrantes e afirmantes, sendo aconselladas para o mantemento e embelecemento da pel, así como para previr o envellecemento. A súa acción para o tratamento nutritivo e antiengurras está baseada na achega dos oligoelementos necesarios para as funcións metabólicas epiteliais, regularizando a fisioloxía da pel.

As especies máis axeitadas son *Chondrus crispus* e a alga calcaria *Lithothammium calcareum* e as algas pardas pertencentes aos xéneros: *Laminaria*, *Fucus* e *Ascophyllum*. Pódense utilizar de forma deshidratada, en fariñas ou extractos, e con elas elaborar tónicos, cremas, perfumes, xampús, xeles de baño e xabóns.

Existen marcas comerciais con liñas cosméticas completas que basean todas as súas propiedades nos principios activos das algas, converténdoo no reclamo do produto. Algúns deles, como os xeles e xampús, utilizan concentrados de varias especies, aínda que sen especificar as que son.

Os bronceadores que conteñen algas fundamentan a súa importancia no alto contido en iodo, utilizando para este fin un macerado de algas variadas, que vai mesturado con outros compostos.

Noutros produtos figuran as especies utilizadas. Así, un concentrado de *Chondrus crispus* emprégase como base de cremas reestructurantes e anticelulíticas. *Fucus vesiculosus* utilízase para unha loción tónica, mentres que *Laminaria digitata* é utilizada no leite desmaquillador da mesma gama.

Os tratamentos corporais de uso externo basean o seu efecto na penetración a través da pel, ben por inmersión ou ben por frega e masaxe, segundo o produto. Por exemplo, unha crema de uso externo a base de *Laminaria* xunto con outros principios activos recoméndase polas súas propiedades adelgazantes. Outra, preparada tamén con *Laminaria*, utilízase como máscara e como reafirmante dos seos.

Luís Míguez, Concepción González e Óscar García Álvarez, *Algas mariñas de Galicia*, 1998.

Argumentación

O texto argumentativo ten como obxectivo expresar opinións ou rebatelas co fin de persuadir a un receptor/a. A finalidade do autor/a pode ser probar ou demostrar unha idea (ou tese), refutar a contraria ou ben persuadir ou disuadir o receptor/a sobre determinados comportamentos, feitos ou ideas.

Redes sociais: un novo reto para os *fact-checkers*

De que maneira están a cambiar as redes sociais o xornalismo? Están a modificar a forma de exercer a profesión? Quen verifica o que se difunde nas redes sociais e pasa a ser publicado nun xornal? Que é verdade e que non? Estas son algunhas preguntas que aínda hai que resolver no eido da información xerada e distribuída en Internet e, en particular, nas redes sociais, onde a inmediatez e as presións xogan contra o rigor e a profundidade do labor xornalístico.

Por Alberto Quián | Madrid | 21/11/2011

A rede de información Twitter –coincido co criterio de Ben Parr ao conceptualizar Twitter como rede de información e non como unha rede social–, como paradigma da distribución de información en tempo real e de comunicación global, foi demostrándonos que os tempos están a mudar e que a información xa non é propiedade exclusiva dos xornalistas e dos medios de comunicación. A información estase democratizando, polo menos na súa produción, non tanto na súa distribución (o 50% das ligazóns publicadas en Twitter en Estados Unidos son xeradas por tan só o 0,05% dos usuarios, a elite desta rede, o cal me fai pensar que talvez Twitter pon de novo de actualidade a Teoría dos dous pasos –Two-Step Flow– de Lazarsfeld).

A explosión das redes sociais, a popularización de *gadgets* e as ferramentas de código aberto están a permitir que os que antes eran consumidores pasivos agora se incorporen activamente ao proceso de produción de contidos. Son os chamados prosumidores, aos que Alvin Toffler definiu como aquelas persoas que “consomen o que elas mesmas producen”.

No caso da información, o que están a facer estes prosumidores non é tanto exercer o papel de xornalistas no seu sentido máis ortodoxo, senón máis ben servir como fontes para a elaboración minuciosa da noticia que avanza ou complementan estes usuarios activos. Como ben lembraba Juan Varela, “a morte de Osama Bin Laden converteuse nunha demostración máis do poder e as vantaxes das redes sociais, e como os medios informativos deben usalos para reportear e cubrir a información. Iso si, non substitúen o xornalismo nin a necesidade da verificación e o contraste. E, tampouco, a obriga de citar e a responsabilidade de enlazar”.

“Non é a primeira vez que as redes sociais se adiantan na publicación das noticias, aínda que a miúdo sexan apuntamentos ou testemuños fragmentarios e onde a inmediatez manda”, prosegue Varela.

É dicir, o usuario activo –prosumer– publica un contido presuntamente real, presuntamente verídico, unha materia prima da que posteriormente se valen os profesionais da información xornalística para contrastala, elaborala minuciosamente e distribuíla por canles tradicionais e novas que outorgarán a esa información maior penetración e impacto na sociedade (lembramos: o 0,05% dos usuarios, unha elite, xera o 50% das url compartidas en Twitter).

Velaquí onde atopamos un dos retos máis importantes para os xornalistas e medios que interactúan nas redes sociais. Cada vez é máis imperiosa a intervención dos verificadores de datos (*fact-checkers*), figuras moi asentadas no xornalismo anglosaxón (brillan pola súa ausencia en España), que hoxe día adquiren un papel determinante para distinguir a información verídica dos rumores, das manipulacións, das mentiras, do inexacto, nun novo ecosistema onde sobreabundan os contidos, no que nos vemos desbordados por avalanchas de información e/ou desinformación (*Twitter as a Vector for Disinformation*, estudo publicado en 2010 na School of Computer & Security Science da Edith Cowan University, Australia, advirtenos de que igual que todas as redes sociais, Twitter é vulnerable a ataques de desinformación, pero Twitter é especialmente susceptible debido ao formato informal das mensaxes e a estrutura asimétrica da relación entre os nodos da rede), onde todo flúe e se distribúe sen control aparente, nunha sorte de perfecto caos comunicativo no que adquire especial importancia o verificador de datos e feitos: A foto está trucada? O vídeo é unha montaxe? É certo o que se di en Twitter?

Merece especial atención o artigo publicado por Virginia Heffernan, verificadora de datos de *The New York Times*, no que explica como cambiou o seu labor coa irrupción de Internet:

“O departamento de control comprou unha subscrición anual a Nexis [LexisNexis], o enorme arquivo de procura de xornais e revistas. Os *fact-checkers* adoitaban estar en liña para o seu uso. Ninguén parecía estrañar o microfilme. Os editores antigos mantiñan que “non podías confiar en Nexis”, pero logo apareceu a Web, e a frase entre a vella garda converteuse en “non podes confiar en Google”. Mentres tanto, un proceso inverso estaba a producirse na cultura pop, cando a banda ancha trouxo millóns de feitos, a fantasía da verosimilitude perfecta e a satisfacción de comprobación dos feitos

para todo o mundo. Pronto –e sorprendentemente– Google converteuse en moito máis que un sitio de confianza, converteuse na abreviatura de todo o que se rexistrou na historia moderna. Internet non era o certo ou o incerto, era o único. E a comprobación dos feitos xa non era só un asunto de *back-office*”.

Na súa disertación, Hefferman conclúe cunha dúbida aínda por resolver:

“Se a Web cambiou o que se cualifica como comprobación dos feitos, cambiou tamén o que se cualifica como un feito? Sospeito que os feitos na Web son agora máis os artefactos retóricos que os obxectos identificables. Pero isto non pode verificalo”.

A figura do *fact-checker* faise máis necesaria que nunca. O inxente fluxo de información que circula en Internet e, dentro deste metamedio, os millóns de datos e feitos que se lanzan e comparten nas redes sociais a unha velocidade vertixinosa, sen comprobar a súa veracidade, a súa procedencia, o seu rigor, a súa precisión, esixe valorar máis a figura do verificador de datos. Precisamente un dos diarios máis prestixiosos do mundo, *The Washington Post*, conta tanto na súa edición en papel como na dixital cunha columna informativa co título “The Fact Checker”, un espazo que avalía os feitos e os datos, e no que os lectores xogan un papel decisivo. Xunto a esta columna inclúese The Pinocchio Test (O Test de Pinocho), unha cualificación que determina a veracidade da información. Un alto número de ‘Pinochos’ rebaixa a calidade da información.

Esta necesidade de distinguir o aserto do incerto, o real do falso, o sucedido do inexistente, motivou a creación mesmo de auténticas institucións de *fact-checking* en Estados Unidos, país onde hai unha longa e consolidada tradición na verificación de datos. Caso paradigmático é o de *Factcheck.org*, organización sen fins de lucro, non partidista, que forma parte de The Annenberg Public Policy Center da Universidade de Pensilvania. *Factcheck.org* é unha ferramenta para a verificación moi útil para xornalistas. Thomas E. Patterson, profesor no Centro Joan Shorestein sobre a Prensa, Política e Políticas Públicas na Kennedy School of Government da Universidade de Harvard, dicía que Internet permitiu aos medios de comunicación externalizar a súa investigación.

“Non quero dicir que os xornalistas sexan preguizosos. Pero se hai fontes alternativas dispoñibles máis rapidamente e teñen máis confianza nelas, entón fan uso delas. O que pasa é que os xornalistas están a reaccionar a recursos baseados en Internet. Non hai ningunha razón para que reinventen a roda”.

Isto entronca coa advertencia que fai o comunicólogo mexicano Pepe Flores:

“Así, lonxe de supor maior comodidade, as redes sociais deben sacar das súas cadeiras aos xornalistas. Non é o mesmo fiarse de alguén cuxo produto é a confiabilidade –como unha axencia noticiosa– que do resto das persoas, sen a responsabilidade moral de informar atinadamente. O xornalismo caeu na ilusión de omnisciencia, en crer falsamente que as vantaxes tecnolóxicas liquidan as carencias do seu oficio. Si, agora saben máis, pero non están seguros de nada. O seu traballo, señores, é a exactitude, non a cantidade”.

E niso estamos, na necesidade de adaptar rutinas obrigadas para a profesión xornalística aos novos tempos, nos que a información flúe a unha velocidade vertixinosa pola rede de redes xunto con rumores, falsidades, incertos...

Non hai que irse moi lonxe no tempo para comprobar que o traballo dos *fact-checkers* debe ir cobrando protagonismo na nova contorna comunicativa. Lembro fotos que se publicaron do furacán Irene supostamente golpeando a costa de Carolina do Norte e que se distribuíron polas redes sociais. Algunhas das imaxes que se compartiron non eran de Irene, senón de fenómenos meteorolóxicos extremos que sucederan anteriormente.

Tamén lembro a fotografía dun tiburón mergullando polas rúas de Porto Rico tras o impacto de Irene, unha fotografía que resultou ser un *fake*, que se distribuíu na canle de marcadores sociais Reddit e que publicaron *websites* e medios tradicionais.

É certo que o xornalista non lle pode dar as costas ás redes sociais, pero debe saber navegar entre mareas de datos e presuntos feitos dos que descoñecemos a súa procedencia e a súa veracidade. En todo caso, estamos obrigados a estar nos novos espazos onde se producen e difunden contidos, verídicos e por verificar. Como ben indica Ana Alfageme, responsable de medios sociais de *El País*, “os xornalistas nas redes sociais podemos pescar información, reaccionar ante noticias de última hora, conseguir fontes e noticias, pedir axuda para elaborar as nosas informacións e entender e actuar sobre o que está a pasar”. E entender o que está a pasar é comprender que todo o que circula polas redes sociais non é información verídica nin contrastada.

Sen dúbida, un dos grandes retos aos que se enfrontan os xornalistas en Internet é a verificación de datos e feitos. A profesora María Pilar Diezhandino Nieto, catedrática de Xornalismo e directora do Departamento de Xornalismo e Comunicación Audiovisual na Universidade Carlos III de Madrid, apuntou xa moi acertadamente na Reunión Científica da Sociedade Española de Periodística celebrada en Santiago de Compostela, o 27 e 28 de maio de 2005, que “o xornalismo seguirá sendo, ou non o será, o labor de seleccionar, comprobar, verificar, producir, clasificar, ordenar, dar sentido, ofrecer motivos para a credibilidade. Hai unha tecnoloxía nova con infinidade de recursos. Tantos como perigos, para aquilo que Ortega e Gasset chamaba a boa información [...] A cuestión segue sendo defender o xornalismo e ao xornalista. Nesta corrente de cesión na que nos atopamos, de conformismo e banalización e abandono da máxima do relato xornalístico: a imprescindible esixencia verificadora”.

<http://www.galiciainconfidencial.com/noticia/8958-redes-sociais-novo-reto-fact-checkers>

Segundo o ámbito co que se relacionan

Textos científico-técnicos

O texto científico-técnico é aquel cuxo contido está relacionado co obxecto de estudo das ciencias e as tecnoloxías e que se produce coa intención de transmitir ese contido especializado.

Os autótrofos

O mecanismo polo cal os seres autótrofos obteñen o alimento para vivir é a fotosíntese. Constrúen a materia orgánica utilizando como enerxía a luz e tendo como materia prima moléculas inorgánicas. Máis tarde esa materia orgánica, que é o alimento, consumírase durante a respiración, obtendo a enerxía necesaria para a súa vida.

No mar, o proceso fotosintético non é diferente do que realizan os vexetais terrestres. Co seu balance xeral pódese sintetizar o funcionamento.



O anhídrido carbónico (CO₂) e os sales minerais disoltos na auga constitúen a fonte material para realizar o proceso. Utilizan a clorofila e outros pigmentos fotosintéticos para transformar a enerxía luminosa en enerxía química coa que fabrican a materia orgánica, que é o azucre. Na fotosíntese despréndese oxíxeno como produto de refugallo. Débese ter en conta que o oxíxeno atmosférico procede da actividade fotosintética de toda a vida vexetal do planeta, en particular os seres fotosintéticos mariños producen o 50 %.

Luis Míguez, Concepción González e Óscar García Álvarez, *Guía ecolóxica do litoral galego*, 1996.

Textos humanísticos

Os textos humanísticos son aqueles que tratan temas que teñen como centro de atención o ser humano e os seus produtos culturais. Estes textos poden clasificarse pola súa temática, abranguen tanto disciplinas pertencentes ás Ciencias Humanas ou Humanidades (Filosofía, Historia, Arte, Lingüística, Literatura, Psicoloxía, Ética...) coma disciplinas correspondentes ás Ciencias Sociais (Socioloxía, Economía, Política...).

Memoria e comprensión da linguaxe

A comprensión da linguaxe é unha tarefa de gran complexidade por mor dos moitos factores que na súa construción interveñen e se inflúen mutuamente. Poucos, por non dicir ningún outro eido da Psicoloxía, teñen espertado tanto interese desde os seus comezos, pero especialmente, desde eses sesenta do século pasado. A comprensión da linguaxe, no discurso falado ou no texto escrito, ten como obxectivo e meta, a construción da representación mental do significado; é dicir, supón a transformación de símbolos lingüísticos en mentais, nun percorrido que vai da linguaxe ao pensamento.

- Romance: El romance es un poema característico de la tradición oral. Los romances son generalmente poemas narrativos de una gran variedad temática, según el gusto popular del momento y de cada lugar. Se interpretan declamando, cantando o intercalando canto y declamación.

Poema épico	Cantar de gesta
<p style="text-align: center;">LIBRO PRIMERO</p> <p style="text-align: center;">I.</p> <p>Canto asunto marcial; al héroe canto que, de Troya lanzado, a Italia vino; que ora en mar, ora en tierra, sufrió tanto de Juno rencorosa y del destino; que en guerras luego padeció quebranto, conquistador en el país latino, hasta fundar, en fin, con alto ejemplo, muro a sus armas, y a sus dioses templo.</p> <p style="text-align: center;">II.</p> <p>De allá trajo su ser el trono albano, su nombre el pueblo a quien el orbe admira, Roma de allá su cetro soberano... Mas tú a mi osado verso, Musa, inspira! Abre de estos sucesos el arcano; ¿Qué ofensa suscitó la excelsa ira que a la errante virtud sigue y quebranta? ¿Cupo en celestes pechos furia tanta?</p>	<p>¡Qué grandes eran los gozos en Valencia la mayor, por honrados que quedaron los tres del Campeador! La barba se acariciaba don Rodrigo, su señor: "Gracias al rey de los cielos mis hijas vengadas son, ya están limpias de la afrenta esas tierras de Carrión. Casaré, pese a quien pese, ya sin vergüenza a las dos". Ya comenzaron los tratos con Navarra y Aragón, y todos tuvieron junta con Alfonso, el de León. Sus casamientos hicieron doña Elvira y doña Sol, los primeros fueron grandes pero éstos son aún mejor, y a mayor honra se casan que con esos de Carrión. Ved cómo crece en honores el que en buenhora nació, que son sus hijas señoras de Navarra y Aragón. Esos dos reyes de España ya parientes suyos son, y a todos les toca honra por el Cid Campeador. Pasó de este mundo el Cid, el que a Valencia ganó: en días de Pascua ha muerto, Cristo le dé su perdón. También perdone a nosotros, al justo y al pecador. Éstas fueron las hazañas de Mío Cid Campeador: en llegando a este lugar se ha acabado esta canción.</p>
Virgilio, <i>La Eneida</i>	Anónimo, <i>Cantar de Mío Cid</i>

Cuento
<p>En principio, el tiempo era bueno y tranquilo. Los mirlos gorjeaban y de los pantanos vecinos llegaba el zumbido lastimoso de algo vivo, igual que si soplaran en una botella vacía. Una becada inició el vuelo, y un disparo retumbó en el aire primaveral con alegría y estrépito. Pero cuando oscureció en el bosque, empezó a soplar el intempestivo y frío viento del este y todo quedó en silencio. Los charcos se cubrieron de agujas de hielo y el bosque adquirió un aspecto desapacible, sórdido y solitario. Olía a invierno.</p> <p>Iván Velikopolski, estudiante de la academia eclesiástica, hijo de un sacristán, volvía de cazar y se dirigía a su casa por un sendero junto a un prado anegado. Tenía los dedos entumecidos y el viento le quemaba la cara. Le parecía que ese frío repentino quebraba el orden y la armonía, que la propia naturaleza sentía miedo y que, por ello, había oscurecido antes de</p>

tiempo. A su alrededor todo estaba desierto y parecía especialmente sombrío. Sólo en la huerta de las viudas, junto al río, brillaba una luz; en unas cuatro verstas a la redonda, hasta donde estaba la aldea, todo estaba sumido en la fría oscuridad de la noche. El estudiante recordó que cuando salió de casa, su madre, descalza, sentada en el suelo del zaguán, limpiaba el samovar, y su padre estaba echado junto a la estufa y tosía; al ser Viernes Santo, en su casa no habían hecho comida y sentía un hambre atroz. Ahora, encogido de frío, el estudiante pensaba que ese mismo viento soplaba en tiempos de Riurik, de Iván el Terrible y de Pedro el Grande y que también en aquellos tiempos había existido esa brutal pobreza, esa hambruna, esas agujereadas techumbres de paja, la ignorancia, la tristeza, ese mismo entorno desierto, la oscuridad y el sentimiento de opresión. Todos esos horrores habían existido, existían y existirían y, aun cuando pasaran mil años más, la vida no sería mejor. No tenía ganas de volver a casa.

La huerta de las viudas se llamaba así porque la cuidaban dos viudas, madre e hija. Una hoguera ardía vivamente, entre chasquidos y chisporroteos, iluminando a su alrededor la tierra labrada. La viuda Vasilisa, una vieja alta y robusta, vestida con una zamarra de hombre, estaba junto al fuego y miraba con aire pensativo las llamas; su hija Lukeria, baja, de rostro abobado, picado de viruelas, estaba sentada en el suelo y fregaba el caldero y las cucharas. Seguramente acababan de cenar. Se oían voces de hombre; eran los trabajadores del lugar que llevaban los caballos a abreviar al río.

-Ha vuelto el invierno -dijo el estudiante, acercándose a la hoguera-. ¡Buenas noches!

Vasilisa se estremeció, pero enseguida lo reconoció y sonrió afablemente.

-No te había reconocido, Dios mío. Eso es que vas a ser rico.

Se pusieron a conversar. Vasilisa era una mujer que había vivido mucho. Había servido en un tiempo como nodriza y después como niñera en casa de unos señores, se expresaba con delicadeza y su rostro mostraba siempre una leve y sensata sonrisa. Lukeria, su hija, era una aldeana, sumisa ante su marido, se limitaba a mirar al estudiante y a permanecer callada, con una expresión extraña en el rostro, como la de un sordomudo.

-En una noche igual de fría que ésta, se calentaba en la hoguera el apóstol Pedro -dijo el estudiante, extendiendo las manos hacia el fuego-. Eso quiere decir que también entonces hacía frío. ¡Ah, qué noche tan terrible fue esa! ¡Una noche larga y triste a más no poder!

Miró a la oscuridad que le rodeaba, sacudió convulsivamente la cabeza y preguntó:

-¿Fuiste a la lectura del Evangelio?

-Sí, fui.

-Entonces te acordarás de que durante la Última Cena, Pedro dijo a Jesús: «Estoy dispuesto a ir contigo a la cárcel y a la muerte». Y el Señor le contestó: «Pedro, en verdad te digo que antes de que cante el gallo, negarás tres veces que me conoces». Después de la cena, Jesús se puso muy triste en el huerto y rezó, mientras el pobre Pedro, completamente agotado, con los párpados pesados, no pudo vencer al sueño y se durmió. Luego oirías que Judas besó a Jesús y lo entregó a sus verdugos aquella misma noche. Lo llevaron atado ante el sumo pontífice y lo azotaron, mientras Pedro, exhausto, atormentado por la angustia y la tristeza, ¿lo entiendes?, desvelado, presintiendo que algo terrible iba a suceder en la tierra, los siguió... Quería con locura a Jesús y ahora veía, desde lejos, cómo lo azotaban...

Lukeria dejó las cucharas y fijó su inmóvil mirada en el estudiante.

-Llegaron adonde estaba el sumo pontífice -prosiguió- y comenzaron a interrogar a Jesús, mientras los criados encendieron una hoguera en medio del patio, pues hacía frío, y se calentaban. Con ellos, cerca de la hoguera, estaba Pedro y también se calentaba, como yo ahora. Una mujer, al verlo, dijo: «Éste también estaba con Jesús», lo que quería decir que también a él había que llevarlo al interrogatorio. Todos los criados que se hallaban junto al fuego le miraron, seguro, severamente, con recelo, puesto que él, agitado, dijo: «No lo conozco». Poco después, alguien lo reconoció de nuevo como uno de los discípulos de Jesús y dijo: «Tú también eres de los suyos». Y él lo volvió a negar. Y por tercera vez, alguien se dirigió a él: «¿Acaso no te he visto hoy con él en el huerto?». Y él lo negó por tercera vez. Justo después de eso, cantó el gallo y Pedro, mirando desde lejos a Jesús, recordó las palabras que él le había dicho durante la cena...

Las recordó, volvió en sí, salió del patio y rompió a llorar amargamente. El Evangelio dice: «Tras salir de allí, lloró amargamente». Así me lo imagino: un jardín tranquilo, muy tranquilo, y oscuro, muy oscuro, y en medio del silencio apenas se oye un callado sollozo...

El estudiante suspiró y se quedó pensativo. Vasilisa, que seguía sonriente, sollozó de pronto, gruesas y abundantes lágrimas se deslizaron por sus mejillas mientras ella interponía una manga entre su rostro y el fuego, como si se avergonzara de sus propias lágrimas. Lukeria, por su parte, miraba fijamente al estudiante, ruborizada, con la expresión grave y tensa, como la de quien siente un fuerte dolor.

Los trabajadores volvían del río, y uno de ellos, montado a caballo, ya estaba cerca y la luz de la hoguera oscilaba ante él. El estudiante dio las buenas noches a las viudas y reemprendió la marcha. De nuevo lo envolvió la oscuridad y se entumecieron sus manos. Hacía mucho viento; parecía, en efecto, que el invierno había vuelto y no que al cabo de dos días llegaría la Pascua. Ahora el estudiante pensaba en Vasilisa: si se echó a llorar es porque lo que le sucedió a Pedro aquella terrible noche guarda alguna relación con ella...

Miró atrás. El fuego solitario crepitaba en la oscuridad, y a su lado ya no se veía a nadie. El estudiante volvió a pensar que si Vasilisa se echó a llorar y su hija se conmovió, era evidente que aquello que él había contado, lo que sucedió diecinueve siglos antes, tenía relación con el presente, con las dos mujeres y, probablemente, con aquella aldea desierta, con él mismo y con todo el mundo. Si la vieja se echó a llorar no fue porque él lo supiera contar de manera conmovedora, sino porque Pedro le resultaba cercano a ella y porque ella se interesaba con todo su ser en lo que había ocurrido en el alma de Pedro.

Una súbita alegría agitó su alma, e incluso tuvo que pararse para recobrar el aliento. "El pasado -pensó- y el presente están unidos por una cadena ininterrumpida de acontecimientos que surgen unos de otros". Y le pareció que acababa de ver los dos extremos de esa cadena: al tocar uno de ellos, vibraba el otro.

Luego, cruzó el río en una balsa y después, al subir la colina, contempló su aldea natal y el poniente, donde en la raya del ocaso brillaba una luz púrpura y fría. Entonces pensó que la verdad y la belleza que habían orientado la vida humana en el huerto y en el palacio del sumo pontífice, habían continuado sin interrupción hasta el tiempo presente y siempre constituirían lo más importante de la vida humana y de toda la tierra. Un sentimiento de juventud, de salud, de fuerza (sólo tenía veintidós años), y una inefable y dulce esperanza de felicidad, de una misteriosa y desconocida felicidad, se apoderaron poco a poco de él, y la vida le pareció admirable, encantadora, llena de un elevado sentido.

Antón Chéjov, *El estudiante*.

■ **Subgéneros dramáticos:**

- *Comedia*: Desarrolla conflictos divertidos y amables, con personajes pertenecientes a lo cotidiano, con un final feliz y, frecuentemente, moralizante.
- *Drama*: Los personajes luchan contra la adversidad, que suele causarles gran daño. Pueden intervenir elementos cómicos y entonces toma el nombre de tragicomedia.
- *Tragedia*: Presenta terribles conflictos entre personajes de alta alcurnia, reyes, héroes, que son víctimas de terribles pasiones que los llevan a la destrucción y a la muerte. El destino de los personajes es inexorable.

Comedia	Tragedia
<p>(Se sientan en la cama, uno a cada lado de DIONISIO, que también se sienta y que cada vez está más azorado. BUBY empieza a silbar una canción americana, acompañándose con su ukelele. PAULA le sigue, y también DIONISIO. Acaban la pieza. Pausa.)</p> <p>DIONISIO. (Para romper, galante, el violento silencio.) ¿Y hace mucho tiempo que es usted negro?</p> <p>BUBY. No sé. Yo siempre me he visto así en la luna de los espejitos...</p> <p>DIONISIO. ¡Vaya por Dios! ¡Cuando viene una desgracia nunca viene sola! ¿Y de qué se quedó usted así? ¿De alguna caída?...</p> <p>BUBY. Debí de ser eso, señor...</p> <p>DIONISIO. ¿De una bicicleta?</p> <p>BUBY. De eso, señor...</p> <p>DIONISIO. ¡Como que a los niños no se les debe comprar bicicletas! ¿Verdad, señorita? Un señor que yo conocía...</p> <p>PAULA. (Que, distraída, no hace caso a este diálogo.) Este cuarto es mejor que el mío...</p> <p>DIONISIO. Sí. Es mejor. Si quiere usted lo cambiamos. Yo me voy al suyo y ustedes se quedan aquí. A mí no me cuesta trabajo... Yo recojo mis cuatro trapitos... Además de ser más grande, tiene una vista magnífica. Desde el balcón se ve el mar... Y en el mar tres lucecitas... El suelo también es muy mono... ¿Quieren ustedes mirar debajo de la cama?...</p> <p>BUBY. (Seco.) No.</p> <p>DIONISIO. Anden. Miren debajo de la cama. A lo mejor encuentran otra bota... Debe de haber muchas...</p> <p>PAULA. (Que sigue distraída y sin hacer mucho caso de lo que dice DIONISIO, siempre azoradísimo.) Haga usted algún ejercicio con los sombreros. Así nos distraeremos. A mí me encantan los malabares...</p> <p>DIONISIO. A mí también. Es admirable eso de tirar las cosas al aire y luego cogerlas... Parece que se van a caer y luego resulta que no se caen... ¡Se lleva uno cada chasco!</p>	<p>HÉCUBA. — ¡Ay de mí, desdichada! ¿Qué he de exclamar? ¿Qué son, qué gemido, desgraciada por mi desgraciada vejez, por mi esclavitud intolerable, insoportable? ¡Ay de mí! ¿Quién me defiende? ¿Qué linaje? ¿Qué ciudad? Se ha ido el anciano, se han ido mis hijos. ¿Por qué camino he de marchar? ¿Por ése o por aquél? ¿Hacia dónde echaré? ¿Dónde está como ayuda alguno de los dioses o espíritus divinos? ¡Vosotras, portadoras de desgracias!</p> <p>¡Oh, troyanas, que me habéis traído penas funestas! Me habéis matado, me habéis matado. Mi vida a la luz ya no es apetecible.</p> <p>¡Oh sufrido pie! Hazme de guía, haz de guía a esta anciana hacia esta tienda. ¡Oh criatura, oh hija de la madre más desdichada! Sal, sal de la vivienda, oye la voz de tu madre, oh criatura, para que sepas qué tipo, qué tipo de rumor he oído sobre tu vida.</p> <p>POLÍXENA. — ¡Ay! Madre, madre, ¿qué gritas? ¿Qué novedad es la que me pregonas para espantarme de mi casa con este temor, como a un pájaro?</p> <p>HÉCUBA. — ¡Ay de mí, hija!</p> <p>POLÍXENA. — ¿Por qué me dices palabras de mal augurio? Funesto presagio me parece.</p> <p>HÉCUBA. — ¡Ay, ay, por tu vida!</p> <p>POLÍXENA. — Habla. No lo ocultes por más tiempo. Tengo miedo, tengo miedo, madre. ¿Por qué gimes?</p> <p>HÉCUBA. — ¡Oh hija, hija de una madre desdichada...!</p> <p>POLÍXENA. — ¿Qué es eso que vas a anunciar?</p> <p>HÉCUBA. — La opinión común de los argivos pretende degollarte en honor del hijo de Peleo, delante de su tumba.¶</p>
Miguel Mihura, <i>Tres sombreros de copa</i> , 1932.	Eurípides, <i>Hécuba</i> , 424 a.C.
http://recursos.cnice.mec.es/lengua/profesores/eso2/t1/teoria_5.htm	

- Otros subgéneros dramáticos son: el auto sacramental, el entremés, el paso, el melodrama etc.

Actividade resolta

Indique la diferencia entre textos literarios y no literarios

La diferencia clave entre ambos textos radica en la función poética del lenguaje.

Actividades propostas

S1. Indique ante que tipo de textos está e xustifique a súa resposta.

A vendima na Ribeira Sacra, con "menos quilos pero de calidade moi boa"

Os produtores calculan que se colleitarán cinco millóns de quilos de uva, que se traducirán en 3.700.000 litros de viño.

Vendima na Ribeira Sacra. Guille Dacal
martes 20 de setembro de 2016 | Axencias

"Menos quilos pero de calidade moi boa", así resumiu como vén a colleita de uva na Ribeira Sacra o presidente da denominación de orixe. José Manuel Rodríguez Rodríguez puntualizou que xa se iniciou a vendima, que o "tempo axuda", a pesar desas inclemencias meteorolóxicas de saraiba a mediados de agosto polo que se chegaron a solicitar axudas ás distintas administracións.

Calcula que se colleitarán sobre "cinco millóns de quilos de uva", un "millón menos que na campaña pasada", que se traducirá nunha produción de viño de "3.700.000 litros".

Rodríguez recoñece que a colleita vén "normal tirando a escasa", aínda que destacou que "a calidade vén moi boa porque o tempo está a axudar agora". "Estamos a ter un tempo ideal para facer a vendima", resaltou. A campaña concluirá na segunda semana do próximo mes de outubro. A Denominación de Orixe Ribeira Sacra comprende "máis de 3.000 viticultores" para 1.300 hectáreas de devandita denominación.

Os carros amosaban arraxados no resío da adega de Viana, construída de perpiño polos mestres canteiros da contorna en torno ao ano mil setecentos e pico; parellas de vacas ou de bois postos ao carro: a enerxía animal aplicada á tecnoloxía do medievo, o arado e mais a carreta, mellorada a mulda e a cança ao pescozo (a coleira), perdurou deica a segunda metade do século XX nas aldeas do interior de Galicia, adaptada á singularidade da nosa terra: carros preguiceiros e laións cargados, naquela, con arcas de castiñeiro para a carrega das uvas.

No fondo das arcas, unha lámina de auga estaba a inchar a madeira; abofé que, para un neno parecía un feitizo máxico: se unha arca vertía, dálle que dálle coa auga até que afogara sen perder unha gota. Pola contra, na grade dun carro novo do trinque, enxeño artesanal dun fragueiro da montaña, repousaba baleira unha arca de cinc, que tal niño, tal paxariño: tempos aqueles de moita xeira de traballo colectivo nas casas con moitas cavaduras de viña, malia que a terra de minifundios nas abas da Ribeira Sacra, viticultura heroica que se di, nin o máis pintado con aires de cabrito se vía rico, malo será, polo traballo e benquerenza trala gancha nas terras ladeiras de Amandi, non é? O pai xa metera nas cubas o neno máis miúdo da casa, cumpría lavalas por dentro, non se fose picar o viño: con dez anos, abofé que lucía eu o corpiño de furón, así que primeiro o pai ergueume empuxando no meu cu, mentres con tento ía metendo os pés calzados coas chanquiñas pola boca da cuba larga; logo, foi na cuba da augardente, que había que fregala devagar para a destila, de onde fun saíndo medio tarambaina, con bolboretas rebulindo ao redor da cabeza, para rematar no zulo da cuba grande, na que me descolguei cara a dentro collido das súas *maos* encalecidas: alá no fondo, víame coma un coitado parviño engulido naquela barriga, escura e fría, mais axiña me espertou o meu pai das miñas mexericadas de neno, achegando pola boca da cuba un cepillo de fregar dentro dun balde con auga morna que foi baixando pouco a pouco, pola boca da cuba, atado a un cacho de corda de ataren os feixes.

-"Raspa duro a flor do viño que quedou pegada na madeira, e presta máis atención aos beirís, frega esa merda! non sexa o demo que se estrague o viño, que cousa feita, xa non mete présa, que por estes enredos non se vai ir o burro coas nocas" -dixome o pai con certo misterio, mentres alumeaba co fío dunha luz, máis ben triste, que non disipaba a escuridade daquel bandullo iglú.


Ollando a escena desde fóra, disque o rapaz, por veces, sentía que se afogaba, sacando a cabeza a modo de periscopio cos ollos grandes de peixe, mentres boqueaba como se lle faltase o aire. Cando dous homes rodaban a cuba encima de dous paus: entón, o corpo do neno bailaba coma cacho nun cribo, pampo, pensando nos seus adentros na historia sagrada de Jonás na barriga da balea que lle contara o crego: na tarefa da frega, co cepillo nas *maos*, só aguantaba tres minutos; en troques, o profeta, máis sacrificado ca o rapaz da Casa de Viana, seica estivera tres días dentro do peixe até

	<p>que nun espirro o botara, san e salvo, na area dunha praia.</p> <p>Mañá cedo, que xa viñeron no coche de liña as mulleres de Vilouxe, vai comezar a xeira da vendima na viña de Espartida, que se alongaba cara a abaixo até meter a escaleira do último patao na auga do río Mao, río humano á medida do home. Uva branca, de mencia, mouratón, merenzao e garnacha: por entón, unha mestura axeitada para un viño artesanal equilibrado. Entre lusco e fusco, tres arcas de uvas, na porta da adega sacadas da viña de Espartida en cestos culeiros; nada que ver coa desenvolvida colleita mecanizada da uva, ás veces nocturna, que se está levando a cabo en terras de Castela: abofé que son uvas recollidas por máquinas cegas, ao chou; o enxeño moderno, de non escoller as uvas, non hai garantía dun bo viño nas cubas, reza o dito.</p> <p>A auga do Mao, por entón, baixaba bateada polas vasoiras das meigas que acudían a acicalarse por debaixo da ponte de Conceliñas, auga fuxidia nas ruxidoiras do canón, que espertaba nas noites do inverno, coa néboa peneirada do amencer, aos moradores do camposanto de San Vitor: disque ían saíndo das tumbas en procesión de ánimas polo carreiro que vai cara ao río para purificarse na ferverza da Pena Furada.</p> <p>Non falla, pola vendima sempre chove, esta vez caeu auga miudiña que empapa o corpo, así como non quere a cousa, mais logo escampou, volvendo o ollo do sol a iluminar o escenario da ribeira do Sil, onde se representaba: "Unha estampa da vendima de antano". As uvas que coroaban os cestos relucían con boa cara, lavadas e maduras, mentres os dedos das vendimadoras, pegañosos, esgazaban unha vide co fin de espantar as avespas que zumbaban ansiosas libando o mosto da mellores uvas da Ribeira Sacra.</p>
<p>http://elprogreso.galiciae.com/gl/noticia/599287/la-vendimia-en-la-ribeira-sacra-con-menos-kilos-pero-de-calidad-muy-buena</p>	<p>http://contosdaribeirasacra.blogspot.com.es/2014/09/undia-de-vendima.html</p>

S2. Desenvolva os exercicios que se propoñen no seguinte enlace:

<http://exercicios.brasilecola.uol.com.br/exercicios-literatura/exercicios-sobre-linguagem-literaria-nao-literaria.htm#questao-1>

S3. Indique si los siguientes textos son literarios o no. Justifique su respuesta.

 <p>...cuchubaba nocturna que se el cuartón. De nada librado, cortejaba a las varitas, provocando unas grandes en relación con la alas desplegadas, cubrían, llenaban y agrandaban a sucesivas la habitación y sus muebles. Furo, más que aquel juego de luz y sombras, lo que retiene fue el ruido que se producía entre la mariposa y las bombillas. La mariposa parlotaba sin cesar, como si tuviera pena por volarse de su sitio, como si no pudiera tener ya más ocasión de futuros coloquios con las bombillas, como si el diálogo de ser su última obteniendo el permiso de dar las bombillas, lugar para el silencio.</p> <p style="text-align: center;">G. D.</p>	<p>Las mariposas son hermosas, son insectos voladores con alas grandes escamosas. Como todos los insectos, tienen 6 patas articuladas, 3 partes del cuerpo, un par de antenas, ojos compuestos y un exoesqueleto. Las tres partes del cuerpo son la cabeza, el tórax (pecho) y el abdomen (la cola).</p>
	<p>El cuerpo de la mariposa está cubierto por pequeños pelos sensoriales. Las cuatro alas y las seis patas de la mariposa están unidas al tórax. El tórax contiene los músculos que hacen que las patas y las alas se muevan.</p>
<p>Gerardo Diego</p>	<p>https://www.mariposas.wiki/</p>

2.1.2 Textos expositivos

Definicións de textos expositivos segundo diferentes estudosos:

"O texto expositivo presenta o resultado dun estudo, unha reflexión, unha investigación ou un traballo sobre un asunto ou tema para dalo a coñecer e explicalo."

Arsenio Sánchez

"É aquel que cumpre unha función referencial. O seu principal obxectivo é informar, incluíndo comentarios aclarativos, incorporando explicacións e utilizando claves explícitas."

Matilde Frías

"Defínese o texto expositivo como o que informa sobre un tema coa intención de ampliar coñecementos".

Alicia Mª Vázquez e Mª del Carmen G. Novo

A exposición consiste en explicar de xeito obxectivo uns feitos ou un tema. A súa función primordial é a de transmitir información. Este tipo de texto é coñecido tamén como texto informativo. Non se limita simplemente a proporcionar datos senón que ademais agrega explicacións, describe con exemplos e analoxías. A información ha de ser:

- Clara: linguaxe sinxela e léxico claro, preciso, nomeadamente denotativo. Evítase a ambigüidade e a polisemia. Úsase vocabulario específico (tecnicismos, cultismos etc.).
- Ordenada: exposición lóxica.
- Obxectiva: o emisor/a non dá a súa opinión. Evítase o uso de adxectivos innecesarios, con predominio dos especificativos.

Procedementos discursivos

Son procedementos moi útiles para desenvolver os contidos da exposición, aínda que non son exclusivos dela.

- **Descrición:** É a explicación de como é unha cousa, unha persoa ou un lugar para ofrecer unha imaxe ou unha idea completa deles. Este tipo de discurso baséase na inclusión de moitos detalles sobre o tema que tratamos.

Talle: árbore de ata 30 m.

Porte: regular, dereito, copa recollida, elipsoidal, densa e con moitas ramas, moi frondosa.

Follas: simples, caedizas, alternas de 10 a 25 cm x 5 a 8 cm oblongo-lanceoladas, ápice agudo ou acuminado, aserradas, con grandes dentes arestados, nervación moi regular; de cor verde intensa.

Frutificación: en noz, cunha cúpula coriácea e espiñosa. O froito é de cor castaña brillante, agudo no ápice e de forma ovoidal.

http://www.edu.xunta.gal/centros/cpantoniofailde/system/files/u1/ficha_castieiro.pdf

- **Definición:** Enunciado que explica de xeito exacto o significado dunha idea ou dunha palabra.

A castaña é o froito do castiñeiro, árbore da familia das *fagaceae*, nativa de climas cálidos do hemisferio norte. Preséntase nunha cápsula espiñenta que ten entre 5 e 11 centímetros de diámetro que contén de 2 a 7 castañas.

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Casta%C3%B1a>

- **Comparación:** Recoñecemento das semellanzas, diferenzas ou relacións entre dous elementos. A utilización de comparacións con outros conceptos cos que o receptor estea máis familiarizado logra mellorar a interpretación e a comprensión do texto.

Caio Xulio César Octavio era un mozo enfermizo, de complexión débil, a quen os esforzos físicos lle causaban certa aversión; prefería os estudos, as letras, a historia, a xeografía e o estudo da filosofía. Era coidadoso co que comía procurando non excederse, tanto pola súa saúde fráxil, como polas ensinanzas dos filósofos estoicos.

Pola súa banda, Marco Antonio era un tipo rudo, afeito á vida militar e aos cansazos que leva consigo. Era un asiduo xogador e bebedor, pródigo en gastar o propio e o alleo, mal pagador das súas débedas pero cobrador exacerbado cos seus deudores.

- **Exemplo:** Frase que empregamos para explicar ou aclarar unha idea de cara a unha mellor comprensión desta.

Metáfora é un artificio lingüístico que empregamos para presentar como idénticos dous termos distintos entre os que podemos establecer unha semellanza.

Vexa algúns exemplos:

Ela encaroume e o seu olhar era "pedra". – A dureza e rixidez da pedra está sendo atribuída ao olhar. Podemos observar que a palabra pedra está sendo usada de forma figurativa e non no sentido literal da palabra.

Outro exemplo de metáfora:

Aquela nena é unha "flor". – Sobreenténdese que a nena é meiga, bonita e delicada, é dicir, posúe as características dunha flor. Pero sabemos que aquí o vocábulo "flor" non se refire ao órgano de reprodución dunha planta.

Procedementos organizativos. Estrutura

A estrutura dun texto expositivo non está determinada de antemán, depende da finalidade perseguida en cada caso. Cando se ofrece unha explicación, suscítase o interese do destinatario/a na cuestión e preséntase o problema de coñecemento como algo que merece explicarse, indicando tamén desde que disciplina e desde que marco teórico se vai realizar.

Logo de formulado o problema en cuestión, os textos ofrecen unha explicación. Finalmente, en moitos textos explicativos procédese a avaliar a explicación proposta.

Estrutura do texto expositivo	Presentación: marco	
	Desenvolvemento	Exposición da cuestión
		Resolución da cuestión
Conclusión		

Modelos de organización global cos que se pode ordenar a información que se quere expor.

Estrutura de secuencia

Esta estrutura expón unha serie de ideas que comparan e contrastan as diferenzas e semellanzas entre obxectos ou ideas. Para isto empréganse analoxías e descrições utilizando termos coma os seguintes: *semellante a, diferente de, en oposición a, tal como, en cambio, polo contrario*, entre outras.

Primeiro debemos saber que todas as células viventes se dividen en dous grandes grupos: as células eucariotas e as células procariotas. A principal diferenza ten que ver co núcleo: A célula eucariota posúe un núcleo con membrana nuclear. Dentro deste núcleo atópanse os cromosomas que levan o ADN. Pola súa banda, as células procariotas non posúen núcleo, o que fai que os cromosomas se atopen dispersos no citoplasma e situados no nucleóide.

Tradución e adaptación. <http://www.diferencia-entre.com/diferencia-entre-celula-eucariota-y-procariota/>

Estrutura de descrición

Esta estrutura é típica dos textos ou fragmentos que expoñen as características dun determinado obxecto ou fenómeno. Pódese describir, por exemplo, unha paisaxe, un cadro, un instrumento científico, unha persoa etc.

O cesio é un elemento químico de símbolo Cs e número atómico 55. É un metal alcalino brando de cor prateada-dourada, cun punto de fusión de 28,44 °C (301,59 K), un dos únicos cinco metais elementais que se poden atopar en estado líquido a temperatura ambiente. As súas propiedades físicas e químicas aseméllanse ás do rubidio e ás do potasio. É extremadamente reactivo e pirofórico, reaccionando coa auga a temperaturas de ata -116 °C (157 K). É o elemento químico menos electronegativo e só ten un isótopo estable, o cesio-133. Obtense principalmente da extracción do mineral polucita, mentres que os seus radioisótopos, en especial o cesio-137 que é un produto de fisión, obtéñense dos residuos producidos polos reactores nucleares. Foi descuberto no ano 1860 polos científicos alemáns Robert Bunsen e Gustav Kirchhoff mediante o método de análise espectral. O seu nome procede do latín *caesius*, que significa "azul ceo". As primeiras aplicacións a pequena escala deste elemento foron en tubos de baleiro e células fotoeléctricas. En 1967, baseándose na definición da velocidade da luz de Einstein como a dimensión máis constante do universo, o Sistema Internacional de Unidades illou dúas emisións de ondas específicas do espectro do cesio-133 para definir as medidas do segundo e do metro. Dende entón o cesio foi empregado habitualmente en reloxos atómicos de alta precisión.

El arpa es un instrumento de cuerda pulsada formado por un marco resonante y una serie variable de cuerdas tensadas entre la sección inferior y la superior. El sonido se obtiene al tocar las cuerdas con los dedos.

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>

Estrutura de comparación-contraste

Esta estrutura caracteriza os textos nos que se expoñen as semellanzas e diferenzas entre dous ou máis obxectos ou fenómenos. Pertencería a esta clase, por exemplo, un texto no que se compararan o can e o lobo, explicando as semellanzas e as diferenzas entre ambos.

Os cans e os lobos son xeneticamente tan iguais que foi difícil para os biólogos chegar a comprender por que os primeiros permanecen sempre ferozmente salvaxes, mentres que os cans convértense nos mellores amigos do ser humano.

Estes dous tipos de animais manteñen similitudes na súa aparencia física, especialmente con determinadas razas caninas como o pastor alemán, aínda que tamén hai grandes diferenzas entre eles, froito dunha selección xenética que priorizou no can características como a súa capacidade de garda e defensa, o seu tamaño ou as súas habilidades sociais.

Os lobos caracterízanse por ser desconfiados e esquivos fronte á presenza humana, basicamente como estratexia de supervivencia. Pola súa banda, os cans teñen máis desenvolvidas as súas capacidades sociais para relacionarse coas persoas, así como o cráneo e os dentes. Ademais, de xeito recente, atopáronse diferenzas xenéticas entre ambas as especies que parecen indicar que os cans teñen maior capacidade para dixerir alimentos ricos en hidratos de carbono.

Por suposto, os lobos e os cans teñen moitas similitudes: ambos ouvean, aínda que os lobos son menos ladradores que os cans domésticos; ambas as especies poden escarvar para esconder restos de comida; posúen un sentido do olfacto e do ouvido moi desenvolvidos, así como unha visión adaptada á escuridade.

Adaptación: <https://animalmascota.com/diferencias-y-similitudes-entre-perros-y-lobos/>

Estrutura de enumeración

Esta estrutura é propia dos textos expositivos nos que se presentan distintos elementos que teñen unha característica común; por exemplo, as clasificacións ou os textos en que se enuncian os elementos que pertencen a un determinado grupo.

Partes dun volcán

- Fisuras eruptivas: Lugar por onde sae á superficie o magma. Nalgunhas circunstancias, en lugar de saír pola cheminea central, a lava derrámase por fisuras que poden estenderse ao longo de varios quilómetros sobre a superficie da terra.
- Conos: Acumulacións de lava e piroclastos fóra do volcán.
- Cráter: Boca ou abertura dun volcán, por onde expulsa a lava, o fume, as cinzas e todos os materiais piroclastos.
- Columna eruptiva: Columna formada por unha mestura de gases e material piroclasto que se eleva verticalmente na emisión volcánica.
- Cámara magmática: Lugar onde se acumula o magma e as chemineas polas que sobe este á superficie cando hai unha erupción. Atópase a grandes profundidades.
- Magma: Masa mineral das profundidades da terra, en estado viscoso, pola calor e cuxa solidificación dá orixe ás rocas eruptivas.
- Dique: Masas estreitas que atravesan rochas sedimentarias, metamórficas e plutónicas.
- Lava: Materias derretidas ou en fusión que saen dos volcáns durante a erupción.
- Cono: Montaña ou agrupamento en forma cónica de lavas, cinzas e outras materias.
- Cheminea: Conduto para dar paso ao fume e ao magma.
- Roca sedimentaria: Material sólido máis ou menos compacto, orixinado nos procesos exógenos existentes na cortiza terrestre.
- Fumarolas: Emisións de gases das lavas nos cráteres.
- Solfataras: Emisións de vapor de auga e ácido sulfhídrico.
- Mofetas: Fumarolas frías que desprenden dióxido de carbono.

- Géyser: Pequeno volcán de vapor de auga fervendo.
- Coadas lávicas: Corpos magmáticos de pouca continuidade lateral que só alcanzan uns centos de metros e unha extensión lonxitudinal de cen metros a dez quilómetros.
- Domo volcánico: Acumulación de lavas derivadas de magma moi viscoso sobre a mesma boca eruptiva que se arrefría e pode chegar a taponar a boca.

Tradución.

http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/gallery/Recursos%20Infinity/aplicaciones/web_conocimiento/volcanes/partes.html

Estrutura de causa-efecto

Esta estrutura dáse en textos que analizan as causas e consecuencias dun feito ou un fenómeno. Úsase, por exemplo, en textos de carácter histórico ou científico nos que se expoñen os acontecementos ou as razóns que levaron a unha situación ou desencadearon un proceso.

CAUSAS DUN SISMO

Entre as máis comúns pódense mencionar as seguintes, recordando que son unha concentración de enerxía nas rocas para logo liberarse.

TECTÓNICA: Son os sismos que se orixinan polo desprazamento das placas tectónicas que conforman a cortiza, afectan grandes extensións e é a causa que máis xera sismos.

VOLCÁNICA: É pouco frecuente; cando a erupción é violenta xera grandes sacudidas que afectan sobre todo aos lugares próximos, pero malia iso o seu campo de acción é reducido en comparación cos de orixe tectónico.

FUNDIMENTO: Cando no interior da cortiza se produciu a acción erosiva das augas subterráneas, vai deixando un baleiro, o cal termina por ceder ante o peso da parte superior. É esta caída a que xera vibracións coñecidas como sismos. A súa ocorrencia é pouco frecuente e de pouca extensión.

DESLIZAMENTOS: O propio peso das montañas é unha forza enorme que tende a aplanalas e que pode producir sismos ao ocasionar deslizamentos ao longo de fallas, pero xeralmente non son de gran magnitude.

EXPLOSIÓNS ATÓMICAS: Realizadas polo ser humano e que ao parecer teñen unha relación cos movementos sísmicos.

CONSECUENCIAS DUN SISMO

Logo de xurdir un movemento sísmico de gran magnitude, non só ten como consecuencias os danos materiais e naturais senón tamén persoas damnificadas e perdas humanas, abarcando máis efectos como:

Destrución de vivendas: A destrución de vivendas pode considerarse como o efecto de maior impacto e cun alto custo social para a poboación.

Destrución de Infraestrutura (estradas, liñas vitais e pontes): Ademais dos inconvenientes que xeran durante a atención dos desastres, a destrución das vías de comunicación terrestre causan un impacto importante na economía ao impedir o transporte eficiente de produtos, así como o intercambio de bens e servizos coa rexión afectada.

Danos diversos ao chan: Polas características dalgúns dos nosos chans, esta clase de fenómenos preséntanse con moita frecuencia, causando problemas importantes a nivel de infraestrutura, liñas vitais e á actividade agrícola. Os danos máis importantes foron fracturas, asentamentos, licuefacción (o terreo compórtase como areas movedizas ou ben presenta exacción de lodo de xeito súbito).

Deslizamentos ou derrubamentos: Permanentemente os seus efectos causan graves danos á ecoloxía, vivendas, edificios, estradas, pontes, liñas de transmisión eléctrica, acuedutos, entre outras.

Tsunamis ou maremotos: Aínda que estes fenómenos son case nulos nas nosas costas, a maioría orixínanse por eventos sísmicos de gran magnitude con epicentro no fondo do mar

Tradución. <http://sismosymormones.weebly.com/blog/causas-y-consecuencias>

Estructura de problema-solución

Esta estrutura é propia de textos nos que se formula unha situación conflitiva e se propón unha medida ou unha serie de medidas que poden contribuir a resolvela.

O atragoamento, que se produce cando un anaco de alimento ou un corpo estraño se quedan atascados na gorxa ou na vía aérea e impide que o oxixeno chegue aos pulmóns e ao cerebro. A falta de oxixeno no cerebro durante máis de 3-4 minutos pode provocar dano cerebral ou a morte, polo tanto é importante recoñecer un atragoamento e saber como actuar.

Cando se produce un atragoamento hai que incidir en que a vítima tusa e tusa. Se non se consegue resolver o problema, hai que realizar a manobra de Heimlich, que é un procedemento de urxencia que se usa para axudar as persoas que se atragoaron. (Este método é o único recomendado pola American Heart Association e a American Red Cross, para despegar a vía aérea bloqueada nos adultos).

Consiste en dar unha serie de empurróns no abdome, por baixo do diafragma e así levantar este e forzar o ar dos pulmóns para producir unha tose artificial e mover o ar cara á traquea, empuxando e expulsando o obxecto atragoado fóra da garganta e a boca.

Tradución. <http://www.enfermeria24horas.es/primeros-auxilios/1-atragantamiento/>

<https://www.portaleducativo.net/octavo-basico/804/Texto-expositivo>

Segundo a estrutura da información podemos distinguir:

- Textos expositivos dedutivos: Pártese dunha idea xeral para chegar a unha concreta. Do xeral ao particular.
- Textos expositivos indutivos: Parte dos feitos concretos para chegar a establecer, mediante a análise e o razoamento, unha *lei xeral* que os explique. Neste tipo de estrutura, a tese aparece ao final e serve como conclusión. Do particular ao xeral.
- Textos encadrados ou mixtos: Preséntase o tema, desenvólvese e na conclusión retómase o inicio.

Atopamos textos expositivos en:

- Todas as ciencias, tanto nas fisicomatemáticas ou nas biolóxicas coma nas sociais, xa que o obxectivo da ciencia é proporcionar explicacións aos fenómenos da natureza e da sociedade. Así, uns textos nos que se nos explica como son os volcáns, ou que características teñen os mamíferos ou como eran os poboados celtas son textos expositivos.
- Os libros de texto escolares, as unidades didácticas que manexamos etc., están cheos de textos expositivos.

Tipos de textos expositivos

A exposición pode ser oral (conferencia...) ou escrita (traballo de investigación, artigo científico, noticia, crónica...), divulgativa ou especializada.

- Divulgativos: Informan sobre un tema de interese. Dirixidos a un amplo sector de público, pois non exixen coñecementos previos sobre o tema da exposición

(apuntamentos, libros de texto, enciclopedias, exames, conferencias, coleccionables...).

- Especializados: Textos que teñen un grao de dificultade alto, pois exigen coñecementos previos amplos sobre o tema en cuestión (informes, leis, artigos de investigación científica...).

Divulgativo	Especializado
